


Concello de Carballo

GALICIA

RUTA DAS FÉRVEDAS



Ruta sinalizada



1 mapa do percorrido
escala 1:50.000





O ROTEIRO DAS FÉRVEDAS



Chegarás, por antigos camiños, até os nosos máis prezados tesouros patrimoniais e paisaxísticos.

Paso a paso, ao compás da natureza, poderás descubrir unha das facetas máis descoñecidas do noso concello: o seu interior.

O roteiro das férvedas comeza na Brea, lugar ás aforas de Carballo coñecido polo bo facer dos seus panadeiros, e remata xunto á férveda de Entrecruces, onde o río Outón se precipita ao baleiro dende máis de 40 metros de altitude.

Montes e vales fían a paisaxe. Adéntrate polas corredeiras nos máis segredos recunchos da Depresión Meridiana, que separa as terras altas e baixas das parroquias de Rus e de Entrecruces. Antigos sendeiros, aínda coñecidos como camiños reais, guiarante até fermosos tramos de vexetación autóctona e de ribeira.

Este roteiro conducirate até as dúas construcións patrimoniais máis antigas do concello. Por unha das súas variantes chegarás até o pazo barroco de Vilardefrancos, cuxa torre foi levantada na época dos Reis Católicos. Ao final do camiño, atoparás a igrexa de San Paio de Entrecruces, cunha bóveda de crucería gótica que nos remonta ao medievo. Na liña dos fértils vales que decorren polo fondo da Depresión Meridiana encontrarás as igrexas barrocas de Ardaña, Entrecruces e a de Santa María de Rus, a máis importante do concello dende o punto de vista artístico. Se decides subir ao alto da Peniqueira, fíxate na elevación de monte que aparece fortificada: delata un antigo castro.




SABÍAS QUE?

Nos arredores da férveda de Entrecruces atoparás os restos de antigos muíños e dunha vella central hidroeléctrica que, dende 1915 e durante un tempo, abastaceu de enerxía eléctrica Carballo.

Hai uns anos, a oposición cívica impediu que se volvese construír unha nova central hidroeléctrica nese lugar de gran valor paisaxístico e paralizou un proxecto para levar a traída de augas dende este punto.

ACCESOS

Na estrada AC-1914, que une Carballo con Santiago de Compostela, atoparás, xusto á saída da vila, un sinal que indica o acceso ao lugar da Brea (á esquerda en dirección Santiago). Se prefires incorporarte á rúta á altura da férveda de Rus, colle o desvío a Ramil, á esquerda uns quilómetros máis adiante. Tamén te podes achegar en coche até a férveda de Entrecruces. Segue pola AC-1014 e desvíate no acceso á ferverza (que verás sinalizado) a 7,5 km do núcleo urbano.



FICHA TÉCNICA

LONXITUDE

A ruta principal mide 18,6 km., as derivacións de ida e volta 5,5 km. e a variante 3,5 km.

PUNTO DE PARTIDA E DE CHEGADA

A Brea - UTM: 29T

X: 526259 Y: 4782960

Capela de San Paio - UTM: 29T

X: 525950 Y: 4774764

ACCESO EN BICICLETA

Apto totalmente


ACCESO A CABALO

Apto totalmente

CARTOGRAFÍA

I.G.N. (1:25:000). N° 44 - IV Laracha e 69 - II A Silva.

Todas as épocas son boas para adentrarse por esta ruta. En especial, cando as choivas enchen a canle dos ríos e a auga das férvedas cae a cachón sobre a dura rocha. Este roteiro está recoñecido oficialmente e conta con sinalización ao longo de todo o seu trazado. Ségueo e descubrirás no interior de Carballo un horizonte de suaves montañas e corazón líquido.



PERCORRIDO

A Brea, Carracedo, Capela da Nosa Señora dos Remedios, A Pena, Coto do Castro, Férveda de Rus, A Redonda, Igrexa de San Xens de Entrecruces, Férveda de Entrecruces, Capela de San Paio.

DURACIÓN

8 horas

SERVIZOS

Fóra da ruta, en Entrecruces.

M.I.D.E

Itinerario M.I.D.E. 1 2 3 4 5

Esfuerzo M.I.D.E. 1 2 3 4 5


Desplazamento M.I.D.E. 1 2 3 4 5

Medio M.I.D.E. 1 2 3 4 5

As férvedas de Rus e de Entrecruces saltan, fermosas e decididas, sobre a Depresión Meridiana, extensa fondeira que racha o territorio galego de norte a Sur, dende o litoral de Carballo até Tui. É un dos fenómenos xeolóxicos máis importantes de Galicia.









Edita: Concello de Carballo

Textos: Belén Puñal

Fotografía: Distrito Xermar e Eduardo Martínez

Deseño: Item-Aga

D.L.: C 1071-2013



PR-G 142

Ruta das Férvedas

Concello de Carballo

Ruta homologada no ano 2010